

Expediente núm.: 2024/G012/000012

Expediente núm.: 2024/G003/000773

DECRETO ALCALDÍA

Asunto: Fixación orde día sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Patrimonio e Relacións veciñais

Enterado da relación de expedientes,

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **ordinaria da COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, PATRIMONIO E RELACIÓNS VECIÑAIS** o día **20 DE MAIO DE 2024 (luns), ás 15:00 horas (tres do serán) no Salón de Plenos da Casa do Concello** en primeira convocatoria e de non haber “quorum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

ORDE DO DÍA

1	<p>PROPOSTA DA ALCALDÍA DO PLENO DA CORPORACIÓN</p> <p>Asunto : solicitude de subvención nominativa á Deputación da Coruña</p> <p>Actuación : “AS CABECERIAS DO XALLAS”: Rehabilitación muíño do relo, senda turística polas cabeceiras do Xallas e conexión coa ferverza de Castriz</p>
----------	---

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros titulares da comisión informativa facendo efectiva esta resolución. Os membros titulares da mesma, xunto cos correspondentes suplentes, son os que se recollen na seguinte táboa:

TITULAR	SUPLENTES	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL
PRESIDENTE: ALBERTO ROMAR LANDEIRA	CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE
NOELIA BALEATO TOJA	PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE
SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	SILVIA CANCELA BLANCO	PP
ANDY GARCÍA PEREIRA	JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP

Terceiro.-Os membros titulares da comisión informativa, que de seguido se relacionan, quedan notificado/s coa sinatura/remisión do presente decreto por correo electrónico:

TITULAR	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL	
PRESIDENTE: ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO
SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada